

O COLAR DE BÁGOAS

Textos de FRANCA PERINI

Ilustracións de ANNA PEDRON

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 19,5 x 29 cm. 32 páx. 15 €.

FINALISTA DO XI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

O colar de bágoas (galego)

ISBN 978-84-8464-483-5. Maremar.

El collar de lágrimas (castelán)

ISBN 978-84-8464-482-8. Obras de autor. Lectores autónomos.

L'Infiltratrice di lacrime (italiano)

ISBN 978-84-8464-443-9. Gli albi d'autore. Lettura autonoma.

Buscaba bágoas por todos os lugares.

Cando as atopaba,

recollíaaas con delicadeza.

Ensartábaas unha a unha.

Algunhas eran bágoas de follas...

As penas, as inxustizas, as decepcións, a dor física, tamén o maltrato ao planeta son algunhas das pezas engarzadas neste afeito: delicado polo material sensible que porta, pesado pola carga emocional que sustenta. Finalista do XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, "O colar de bágoas" é unha fermosa e poética historia sobre a vida e as circunstancias da existencia humana, sobre a pegada que deixamos ou que nos deixan.

Da calidade do texto de Franca Perini destacan a riqueza e a sensibilidade das figuras literarias, en clave metafórica, para referirse á nostalgia polo paso do tempo, á soidade ou ao sufrimento, tanto do corpo como da alma; a súa capacidade para describir a negatividade cunha ollada tenra e serena, cunha linguaxe coidadosamente escollida que ilumina cada motivo de tristura. Porque fronte á aparente saudade, estamos ante unha lectura poderosamente vitalista.

As ilustracións de Anna Pedron son esenciais para unha lectura plena da obra. Son imaxes de extraordinario realismo e elegancia, con suaves trazos de grafito sutilmente coloreados con tonalidades etéreas que acentúan a expresividade dos elementos simbólicos e reforzan a poética narrativa. A figura humana -con protagonistas de todas as idades e predominio dos primeiros planos- e a natureza son o fío condutor dun intenso percorrido polas emocións máis fondas.



■ **Temática:** reflexión poética sobre as emocións.

■ **Idade recomendada:** dende 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** finalista do XI Premio Compostela; linguaxe poética e metafórica; ilustracións figurativas e simbólicas, a base de lapis e acuarela.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-colar-de-bagoas-g>

Franca Perini

(Bassano del Grappa, Italia, 1964)

Graduouse en Boloña en artes, música e artes escénicas. Dende hai máis de 20 anos a súa traxectoria estivo vencellada ao teatro de monicreques creando textos para espectáculos, realizando talleres con nenos e mozos, e cursos de formación para adultos enfocados á educación para a teatralidade e a lectura en voz alta. Tamén é autora de varios libros. "O colar de bágoas" é a súa segunda obra ilustrada por Anna Pedron.

Anna Pedron

(Vicenza, Italia, 1984)

Afeccionouse ao debuxo e á pintura dende a nenez, pero empezou a traballar como decoradora de interiores tras estudar na Escola de Arte. Con posterioridade ampliou a súa formación na Academia de Belas Artes de Venecia e especializouse en ilustración, con cursos en Padua e Sarmede. Dende 2015 ilustrou varios libros infantís publicados en Italia, compaxinando esta actividade coa dirección de cursos e obradoiros creativos.

<https://cargocollective.com/annapedron>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com